

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ENTIDADE COMUNIDAD LOCAL NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN DE LA CONGREGACIÓN DE LAS HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS PARA A ORGANIZACIÓN DA PRESTACIÓN FARMACÉUTICA NA RESIDENCIA NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou en data 06.04.2022 coa entidade COMUNIDAD LOCAL NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN DE LA CONGREGACIÓN DE LAS HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS, o instrumento convencional arriba referido, que terá unha vixencia de catro anos a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura, podendo acordarse a súa prórroga de conformidade co artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que a prestación farmacéutica aos usuarios do Servizo Galego de Saúde residentes na Residencia Nuestra Señora de la Asunción, se realice de xeito eficaz, eficiente, integrado e coordinado cos outros niveis asistenciais, tendo en conta o establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.

A formalización do convenio non supón incremento de gasto para o Servizo Galego de Saúde.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde é responsable da xestión das prestacións farmacéuticas e a atención farmacéutica aos seus usuarios, de conformidade co disposto no artigo 94 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, e no artigo 2 da Lei 3/2019, do 2 de xullo.

A entidade COMUNIDAD LOCAL NUESTRA SEÑORA DE LA ASUNCIÓN DE LA CONGREGACIÓN DE LAS HERMANITAS DE LOS ANCIANOS DESAMPARADOS, é unha entidade prestadora de servizos sociais, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería Política Social.

O artigo 53.4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, sinala que *"A política autonómica en relación á prestación farmacéutica promoverá o desenvolvemento de programas orientados a racionalizar o emprego dos recursos farmacoterapéuticos nos servizos sanitarios e na prestación sociosanitaria, con criterios de efectividade, seguridade e custo. Do mesmo xeito, impulsará programas e actividades de información e formación dirixidos aos profesionais sanitarios, así como á cidadanía en xeral."* Pola súa banda, o artigo 77.1 c) establece que para o exercicio das súas competencias, a Consellería de Sanidade e os seus organismos dependentes poderán establecer encomendas de xestión, acordos, convenios ou contratos –calquera que sexa a súa tipoloxía e modalidade– con entidades públicas ou privadas.

Dende o ano 1998 a través de convenios de colaboración subscritos entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e as entidades responsables da xestión dos centros sociosanitarios, desenvolveuse o Programa de atención farmacéutica co fin de garantir unha mellora na xestión da prestación farmacéutica, tanto desde o punto de vista da seguridade no manexo dos produtos farmacéuticos, como no da racionalización do seu gasto. Así, moitos dos centros sociosanitarios e os hospitais de referencia da área sanitaria na que se atopan veñen colaborando co fin de garantir a cobertura das necesidades farmacoterapéuticas das persoas residentes nestes centros, de xeito que o hospital de referencia convértese en provedor dos medicamentos e produtos sanitarios financiados que precisen esas persoas.

Nos centros nos que aínda non está implantado o Programa de atención farmacéutica, os/as persoas usuarias obteñen os recursos terapéuticos que forman parte da prestación farmacéutica a través da súa prescrición, receita médica oficial e posterior dispensación na oficina de farmacia, sendo financiados polo Servizo Galego de Saúde.

O sistema de prestación de atención farmacéutica dende o hospital de referencia ás persoas usuarias dos centros sociosanitarios supón tanto un beneficio asistencial para os/as pacientes, como unha garantía para acadar unha xestión máis eficiente dos recursos farmacoterapéuticos.

As principais características desta prestación son polo tanto a cobertura farmacoterapéutica por parte do Servizo Galego de Saúde e a subministración dos medicamentos e produtos sanitarios polo hospital de referencia, de xeito que a terapéutica do centro se adecúa á Guía Farmacoterapéutica do hospital de referencia, o que propicia unha farmacoterapia integrada, coordinada e con igual custo e calidade que a do hospital.

Ámbalas dúas partes recoñecen polo tanto a necesidade de asegurar que a calidade da prestación farmacéutica que reciban as persoas usuarias do sistema que se atopan na Residencia Nuestra Señora de la Asunción sexa equiparable á que recibe calquera outro usuario do Sistema Sanitario Público Galego, mediante o establecemento de mecanismos que faciliten o acceso a aquelas prestacións, e proporcionen unha mellora da calidade da atención prestada ás persoas usuarias, acadando a súa atención integral e unha utilización eficiente dos recursos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

